



Comité Provincial Seguridade Saúde Nº 337 - 29 de xaneiro de 2009

1.- Actas: Asíñase a acta número 336 da reunión anterior.

2.- Accidentes: En telefónica houbo 2 accidentes en decembro, un de tráfico ao desprazarse ao centro de traballo e o outro unha caída na xornada de portas abertas. Nas EECC tamén 2 accidentes: unha caída no centro de traballo e outro accidente que se produce ao caerlle sobre a perna a un traballador o poste que estaban levando entre varios para o camiión.

3.- Comentarios Actas CCSS, Subcomisión de Incendios e Grupo de denuncias Edificios, Escadas e Planta Exterior: Comentarios Actas CCSS 390 e 391. Resaltamos o seguinte:

Polos problemas aparecidos nos Ford Ranger a empresa comprará outros modelos (Freelander Land Rover), nos Suzuki Grand Vitara tense que solucionar o problema da apertura do portón dende o interior, en Lugo teñen un Ford e un Suzuki. Sobre o alumeado de emerxencia indicase que se fará mantemento correctivo e se estudará a posibilidade de facer o preventivo, dende a CIG solicitamos o listado das deficiencias detectadas neste tipo de alumeado e o presuposto que se dedicará para arranxalas. Fálase sobre a formación que deben ter os delegados de prevención. Tamén se estuda a posibilidade de empregar a faixa para os riles como EPI para os traballadores que teñan que levantar pesos como as arquetas. Volve a tratarse o tema dos aseos en centrais non atendidas e a avaliación de riscos psicosociais en PNP. Neste punto coméntase que a avaliación que se tiña que ter feito en Hércules en decembro do 2008 está aínda sen facer, dende o CPSS se enviará un escrito ao CCSS demandando realizar esta avaliación pendente.

Comisión de Incendios: Na acta territorial recóllense fallos de alarmas en varias centrais, en canto á obturación de ocios quedaron obras pendentes que se deberían ter rematado a final do ano pasado pero non se fixo así por non ter presuposto, incidimos de novo dende a CIG na importancia de facer estas obras, solicitamos tamén que no seguinte comité se informe do que quedou sen obturar e cando se farán esas obras que aínda están pendentes.

Grupo de denuncias: Non se remataron as revisións das escadas no segundo semestre do ano 2008 e o departamento non sabe cantas se chegaron a revisar, tampouco existe un procedemento para retirar as escadas que están defectuosos. Hai aínda 25 incidencias no listado da web sen pechar, dende a CIG pedimos que cando se detecten deficiencias na realización das Avaliacións de Risco se incorporen a este listado, non hai unanimidade sobre a cuestión polo que haberá que seguir como ata agora. Con todo, tómase a decisión de enviar un escrito dende o CPSS para que nos informen se os riscos detectados nestas avaliacións deben ser tipificados para poder priorizar a súa reparación. Dende a CIG indicamos que o cinto de seguridade co que se dotou aos empataores non lles chegou ao resto de auxiliares polo que os solicitamos pois é unha medida de seguridade fundamental na subida aos postes.

4.- Puntos Pendentes:

- CT Sada: alta temperatura no RP e chan en mal estado. Arranxarán o linóleo que se encontra roto pero o tema da temperatura segue sen unha solución a curto prazo.
- CT O Burgo: as baterías están en mal estado e gasifican moito, a sala non ten ventilación forzada e acumula gases, cambiarán as baterías.
- CT Ventorrillo: detectadas varias deficiencias na avaliación realizada.
- CT Montaña: están a piques de acabarse as obras da porta principal, unha vez que rematen retomarán de novo as obras para a entrada do ARI. Neste punto comentamos que se fixo o simulacro sen ter avisado en tempo aos delegados, a pesar de que se tiña comentado na reunión previa a necesidade de supervisar o simulacro polas obras nas entradas e saídas.

5.- Puntos Novos:

Neste punto dende a CIG facemos entrega dun escrito con 14 puntos novos nas centrais de Santa Cruz, Mera, Sada, Bergondo, Miño, Pontedeume, Paderne, Cambre, Carral, Guísamo, Oza dos Ríos, Perillo e Santiago Vite. En boa parte delas a limpeza está a ser moi deficiente, tamén hai problemas en algunhas escadas, falla de iluminación, etc.

No escrito tamén facemos mención ao cinto de seguridade mencionado anteriormente e unha deficiencia detectada no soporte para a escada na Renault Kangoo xa que para poder baixar a escada faise preciso levantala co risco de lesión por sobre esforzo, tamén se detectou unha deficiencia no soporte para o extintor neste tipo de vehículo.

Coméntase outro escrito recibido neste comité, remitido por un delegado da CIG, sobre varias deficiencias detectadas na CT de Conxo.